

**ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS
OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMANDO AO CONSELLO ESCOLAR**

CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo coa Convocatoria do día 4 do mes en curso, o próximo **día 24**, en horario de **17:00 a 20:00 horas**, celebrase neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores/as legais do alumnado no Consello Escolar do IES. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederese da seguinte forma:

1º.-Quen pode votar.


Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non delegado.
- b) Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos/as, por orde alfabético de apelidos, e cada elector/a deberá marcar cunha cruz un máximo **1 nomes⁴** das candidatas ou candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar.
- d) Finalizada a votación procederese ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección deste IES anima a todos os pais, nais e titores/as legais do alumnado a que participen na votación do próximo 24, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Lugo, 16 de novembro de 2021



O DIRECTOR DO CENTRO,

Asdo.: Carlos Cazón Rivas